

**NUM-CONSULTA:** V0008-16

**ÓRGANO:** SECRETARIA XERAL TÉCNICA E DO PATRIMONIO

**DATA DE SAÍDA:** 03/10/2016

**NORMATIVA:**

O artigo 7.Cinco do *Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo*, (en diante TRTCG)

**DESCRICIÓN-FEITOS**

O consultante e a súa irmá van recibir dos seus pais unha serie de bens inmobles para poder dispoñer deles nas súas respectivas actividades mediante o pacto sucesorio de apartación previsto na Lei de Dereito Civil de Galicia.

O consultante é titular dunha explotación agraria cualificada como prioritaria e vén exercendo esa actividade dende fai máis de 5 anos. Todos os inmobles que vai recibir por apartación están afectos á explotación agraria do consultante e van seguir destinados á mesma con posterioridade á transmisión dos mesmos. Un dos inmobles ten a consideración de “Solo de núcleo rural” dedicado á obtención de cultivos e os restantes son “Solo rústico de protección agropecuaria” ou “Solo rústico de protección forestal”.

**CUESTIÓN FORMULADA**

1. Se a consecuencia da transmisión mediante o pacto sucesorio de apartación podería imputárselle unha ganancia patrimonial ao transmitente pola diferenza entre o valor de adquisición dos inmobles e o valor de transmisión.
2. Se o consultante podería beneficiarse da redución por adquisición de elementos afectos a unha explotación agraria na liquidación do imposto sobre sucesións e doazóns.

3. En caso afirmativo, se a redución citada no punto anterior tamén podería aplicarse á parcela que ten a consideración de “Solo de núcleo rural”, estando dedicada á obtención de cultivos para a explotación e declarada nas axudas PAC.
4. Qué obrigas implica para o consultante acollerse á redución de elementos afectos a unha explotación agraria.

## **CONTESTACIÓN COMPLETA**

O artigo 7.Cinco do TRTCG, dispón:

*Cinco. Redución pola adquisición de explotacións agrarias e de elementos afectos.*

(...)

*2. Cando na base impoñible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor de elementos dunha explotación agraria situada en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando concorran as circunstancias seguintes:*

*a) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados, ascendentes ou adoptantes e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa causante.*

*b) Que na data da devindicación as persoas adquirentes ou os seus cónxuxes teñan a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria á cal estean afectos os elementos que se transmiten.*

c) *Que a persoa adquirente manteña os elementos adquiridos afectos á explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do citado prazo faleza a persoa adquirente ou transmita os elementos en virtude de pacto sucesorio de acordo co previsto na Lei de dereito civil de Galicia.*

d) *Que a explotación agraria viñese realizando, efectivamente, actividades agrarias e a persoa agricultora profesional mantivese tal condición durante un período superior as dous anos anteriores á devindicación do imposto.*

3. *Cando na base impoñible dunha adquisición mortis causa estea incluído o valor de predios rústicos situados en Galicia ou de dereitos de usufruto sobre estes, practicarase unha redución do 99 % do mencionado valor cando estes predios sexan transmitidos no prazo de seis meses polo adquirente mortis causa a quen teña a condición de persoa agricultora profesional en canto á dedicación de traballo e procedencia de rendas e sexan ben titulares dunha explotación agraria á cal queden afectos os elementos que se transmiten ou ben persoas socias dunha sociedade agraria de transformación, cooperativa de explotación comunitaria da terra ou sociedade civil que sexa titular dunha explotación agraria a que queden afectos os elementos que se transmiten. A transmisión poderá realizarse tamén directamente a estas últimas sociedades ou ao Banco de Terras de Galicia, cos mesmos requisitos de prazos sinalados anteriormente. O tempo de afectación dos predios ou dereitos transmitidos non poderá ser inferior a cinco anos.*

4. *Para os efectos das reducións previstas nos puntos 1, 2 e 3 anteriores, os termos de «explotación agraria», «persoa agricultora profesional», «elementos dunha explotación» e «titular da explotación» son os definidos na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias.*

Por outro lado, o artigo 23 do TRTCG (*Beneficios fiscais non aplicables de oficio*) establece que:

*Un. Os beneficios fiscais que dependan do cumprimento polo contribuínte de calquera requisito nun momento posterior ao devengo non se aplicarán de oficio,*

*deberán solicitarse expresamente polo contribuínte no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, e practícaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.*

*No caso de declaración extemporánea sen requirimento previo, a solicitude deberá realizarse na presentación da declaración, e practícaranse os devanditos beneficios fiscais na correspondente autoliquidación.*

*No suposto de que na autoliquidación presentada non se aplicasen os citados beneficios fiscais, non poderá rectificarse con posterioridade en canto á aplicación do beneficio fiscal, agás que a solicitude de rectificación se presentase no período regulamentario de declaración.*

*A falta de solicitude do beneficio fiscal dentro do prazo regulamentario de declaración ou a falta da súa aplicación na autoliquidación entenderase como unha renuncia á súa aplicación.*

*Dous. En caso de incumprimento dos requisitos que haxa que cumprir con posterioridade ao devengo do imposto, deberá ingresarse a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo sinalado na norma que regula o beneficio fiscal, contado desde o momento en que se incumpran os requisitos. Cando a norma que regula o beneficio fiscal non estableza un prazo, o ingreso e a presentación da autoliquidación faranse dentro do prazo regulamentario de declaración establecido nas normas reguladoras de cada tributo.*

*Ademais, hai que ter en conta que segundo o artigo 55.2.a) da Lei 22/2009, de 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de Autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, non son obxecto de delegación nas CCAA a contestación das consultas reguladas nos artigos 88 e 89 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, salvo no que se refira á aplicación das disposicións ditadas pola Comunidade Autónoma no exercicio das súas competencias.*

PRIMEIRO. A primeira cuestión formulada polo consultante refírese ao feito imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, materia na que a Comunidade Autónoma de Galicia carece de competencias polo que en aplicación do disposto no artigo 55.2.a) da *Lei 22/2009* (antes transcrito), este centro directivo infórmalle que o órgano competente para a súa contestación é a Dirección Xeral de Tributos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SEGUNDO. Se é posible aplicar á operación descrita a redución do 99% do valor de elementos afectos á explotación agraria, tal e como se recolle o apartado 2 do artigo 7.Cinco do TRTCG.

O pacto sucesorio de apartación previsto na Sección 2ª do Capítulo III do Título X da *Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia*, seguindo o criterio do Ministerio de Hacienda na contestación a consultas vinculantes (entre elas a V2089-08 e a V1543-15), implica incrementos de patrimonio obtidos a título gratuito que encaixan dentro dos supostos do feito imponible do imposto sobre sucesións e doazóns previstos no artigo 3.1 a) da *Lei 29/1987, de 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns*.

En consecuencia, poderá aplicar a redución do 99% do valor dos elementos afectos a unha explotación agraria situada en Galicia prevista para adquisicións mortis causa na liquidación do imposto, sempre e cando se cumpran os requisitos previstos a tal efecto no artigo 7.Cinco.2 do TRTCG. A aplicación da redución a elementos afectos non fai distinción entre os distintos tipos de cualificación do solo.

Os mencionados requisitos constitúense nunha serie de condicións que deben concorrer simultánea e cumulativamente, o que implica que para ter dereito á redución deberán cumprirse todos e cada un dos previstos no citado precepto.

TERCEIRO. En canto aos compromisos que adquire o contribuínte que se acolle a este beneficio fiscal de cara a non perder o mesmo, deberá manter os elementos afectados á explotación agraria durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto, agás que dentro do citado prazo faleza a persoa

adquirente ou transmita os elementos en virtude de pacto sucesorio de acordo co previsto na Lei de dereito civil de Galicia.

Por último, debemos indicar que dita redución constitúe un beneficio fiscal non aplicable de oficio, polo que o contribuínte deberá solicitar expresamente a súa aplicación conforme ao establecido no artigo 23 do TRTCG, isto é, no período regulamentario de presentación da declaración do imposto, e practicará a redución na correspondente autoliquidación.

A presente contestación realízase conforme á información proporcionada polo consultante, sen ter en conta outras circunstancias non mencionadas, que puideran ter relevancia na determinación do propósito principal da operación proxectada, de tal modo que podería alterar o xuízo da mesma, o que poderá ser obxecto de comprobación administrativa á vista da totalidade das circunstancias previas, simultáneas e posteriores concorrentes na operación realizada.

O que comunico a vostede con efectos vinculantes, conforme a o disposto no apartado 1 do artigo 89 da *Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria*.